

LÉOLO

Jean-Claude Lauzon, 1992

1539

ESTREA EN NUMAX: 20.06.2025 | V.O.S.E. | 107 min

Léo Lauzon é un neno que vive nun humilde barrio de Montreal, atrapado nunha sórdida existencia. Cada noite tenta evadirse por medios dos recordos, os sonhos e a súa desbordante imaxinación, pero a crúa realidade familiar interrompe sempre as súas fantasías: ten un pai obsesionado pola saúde intestinal de toda a familia, un irmán culturista que vive preso do medo, dúas irmás que padecen trastornos mentais, un avó a quen ninguén presta moita atención e unha nai enorme que domina o microcosmos familiar.

«Obra mestra, filme inesquecible»

Ángel Fernández-Santos, EL PAÍS



O Rimbaud do cinema

Por Pablo Cerezal

Hai 30 anos que un inesquecible personaxe cinematográfico, de nome Léolo, descubría a poesía e decidía que Italia era demasiado bonita como para pertencer só aos italianos. O malogrado Jean-Claude Lauzon, falecido agora hai 25 anos, elixiu desprezar a frecuentemente aborrecible lóxica do público ao inxectar nas súas veas o veneno do poético. Léolo brotou nas pantallas de medio mundo coa mesma violencia con que unha cinta de celuloide oxidado rebanaría o pescozo da vulgaridade, salpicando o patio de butacas de sangue, desordenando os canons cinematográficos e desorientando aos críticos asalariados e aos espectadores acomodados.

Moitos, quizais demasiados, tentaron desentrañar por escrito o que non podería explicarse máis que arrincándonos o corazón e mostrándoo a aquel que pretenda apresar con palabras cada un dos pequenos milagres que se esconden nesta inesquecible película. Porque Léolo habita o fluxo sanguíneo de todos os que, algunha vez, soñamos que a vida pode organizarse coa desorde da beleza e a transgresión da poesía. *Léolo* habita o sangue de todos os que, algunha vez, soñamos que a vida pode organizarse coa transgresión da poesía.

En *Léolo* asistimos ao nacemento, esplendor e inmolación dun novísimo Rimbaud da vida: un neno ao que só chaman Leo Lauzon aqueles que non poden crer máis que na súa propia verdade. Un crío procreado por un tomate siciliano e exposto ao sufrimento da dieta de vitaminas e inodoro ao que o somete a súa familia; un rapaz que descansa o fluxo dos seus pensamentos entre os enormes peitos dunha proxenitora que coa forza dun gran barco navega un océano enfermo; un rapaz que escoita a gloria crebada de Jacques Brel nos sucos dun vinilo ao que lle falta un anaco de negra melancolía; un poeta que desordena a vida á súa ao redor e precisa de alguén que rescate as súas palabras para que poidamos apropiarnos da gloria da súa certeza; un fillo daquel Rimbaud, xa digo, que vernizaba tamén o subconsciente frenopático do Leopoldo María Panero que, aínda infante, xa se preguntaba «cando se apaga a luz... onde vai o claro?»; unha criatura que decide enfrontar a dúbida que nos asalta a non poucos dos que xuntamos palabras: escribir para tolear ou tolear para escribir? Afortunadamente, Léolo dános a clave: «Porque soño, eu non o estou».

E fainos comprender que mesmo na máis execrable podremia pode xerminar a foresta locuaz e homicida da beleza. E é que Léolo foi criticada por grotesca, desagradable e de mal gusto. Si, falamos dunha película de confección premeditadamente lúgubre e feísta que só se ilumina grazas á sonoridade plástica dos pensamentos do novo protagonista e do seu ancián sosias: O Domador de Versos. Unha película que, a pesar das reticencias do momento, pasou á historia do cinema como iso que adoitamos denominar «obra de culto». Que gran perda a do director canadense que levou á pantalla o xerme desa enfermidade chamada poesía.

Neste texto refírome a Rimbaud porque, inevitablemente, reinauguran danza na miña memoria “As Iluminacións”, ao asistir, embriagado, á danza liviá que Léolo executaba en pantalla, ao ritmo dese inesquecible *Cold, Cold Ground* que ouvea Tom Waits en diversos momentos da película, para que non esquezamos que do barro tamén pode xurdir a flor..